

MANIFESTO 1º DE MAIO 2022

A SOLUCIÓN

SUBIR SALARIOS, CONTER PREZOS, MÁIS IGUALDADE

O 1º de Maio, Día Internacional do Traballo, é a data reivindicativa e solidaria por excelencia na que CCOO e UGT queremos, en primeiro lugar, reivindicar unha nova orde mundial máis xusta que sitúe as persoas e o seu benestar por diante dos intereses económicos duns poucos. Por iso queremos mostrar a nosa solidariedade co pobo ucraíno, á vez que condenamos a inxustificada guerra iniciada por Rusia coa invasión de Ucraína; solidariedade que facemos extensible a esa parte do pobo ruso que non quere a guerra e está a sufrir detencións por exercer o seu dereito á protesta. Igualmente, manifestamos o noso máis enérxico rexeitamento ao xiro histórico que deu o Goberno de España con respecto ao Sáhara Occidental, ao se afastar da resolución 690 da ONU do 29 de abril de 1991, e expresamos o noso apoio e solidariedade co pobo saharauí e a súa causa.

O EMPREGO COMO PRINCIPAL OBXECTIVO

A modificación dos elementos nucleares da reforma laboral de 2012 é un dos compoñentes máis importantes do escenario do diálogo social, aínda que non o único. Os acordos, entre outros, que regularon os ERTE durante todo o tempo de pandemia foron un escudo social que permitiu salvar o emprego de millóns de persoas traballadoras e propiciou unha rápida recuperación económica e, canda ela, a recuperación do emprego, os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social son xa mellores, desde hai meses, aos que había antes do impacto da pandemia.

A reforma laboral aborda aspectos de gran calado, como o reforzamento da negociación colectiva, recuperando a ultraactividade dos convenios colectivos, a prevalencia de aplicación do convenio sectorial fronte ao convenio de empresa e garantindo o convenio de aplicación nas contratas e subcontratas; pero, sobre todo, é unha reforma que asenta cambios moi importantes no modelo laboral, apostando polo mantemento e a estabilidade no emprego fronte ao modelo de inestabilidade laboral anterior e ao axuste do mercado de traballo centrado nos despedimentos e no abuso da contratación temporal. UGT e CCOO temos o convencemento de que estas reformas van contribuír a superar a inestabilidade, a precariedade e o excesivo axuste externo e a afondar nos mecanismos de axuste interno nas empresas, o que xa está incidindo dunha forma positiva na mellora da calidade do emprego, cun ritmo antes non coñecido do crecemento do contrato indefinido, que o sitúa no centro das relacións laborais no noso país. Debemos continuar coa protección do emprego cunha revisión das causas e os custos do despedimento para evitar que se utilice como modo de axuste, acudindo, pola contra, aos mecanismos de axuste interno que contén o acordo alcanzado no seo do diálogo social.

CONTER OS PREZOS

Desde mediados do 2021 véñse producindo unha aceleración da inflación, tanto en España como na eurozona, ligada ao encarecemento da enerxía e dos produtos de alimentación, mentres os salarios pactados moderan a súa suba, o que pon de manifesto que as traballadores e os traballadores e a negociación colectiva non contribuíron á subida da inflación, senón que máis ben corresponde á suba de prezos empresariais para recompoñer as súas marxes de beneficios.

A forte presión inflacionista da enerxía, á que se suman os efectos da guerra de Ucraína, estase estendendo aos bens e servizos fundamentais prexudicando en maior medida os fogares con menores ingresos. É urxente tomar medidas eficaces para frear a suba dos prezos que empobrece a clase traballadora.

CCOO e UGT saúdan que o Goberno tomara medidas para afrontar as consecuencias xeradas pola guerra en Ucraína, medidas consideradas positivas pero insuficientes para protexer as persoas máis afectadas polo forte incremento dos prezos. A curto prazo, as medidas deben focalizarse en paliar as consecuencias máis negativas deste choque externo, especialmente sobre os sectores vulnerables da poboación; actuar sobre as causas da suba dos prezos enerxéticos e lograr unha distribución equilibrada do axuste entre todas as rendas, incluíndo os beneficios empresariais e as rendas do alugueiro inmobiliario. A medio e longo prazo deben reforzarse as medidas que permitan avanzar na eficiencia e autosuficiencia enerxética, facendo unha aposta clara polas renovables como enerxía máis barata e eficiente que pode converter o noso país no motor do cambio enerxético en Europa.

SUBIR OS SALARIOS

É imprescindible garantir o poder adquisitivo dos fogares, especialmente daqueles con menos recursos, de aí a importancia das subas do salario mínimo interprofesional (SMI) e das pensións referenciadas ao incremento do custo da vida, nun momento en que elementos básicos da cesta da compra como a electricidade, os carburantes ou os alimentos rexistran fortes aumentos de prezos, empeorando as condicións de vida da poboación.

Por tanto, é importante desenvolver unha negociación colectiva que free a dinámica de perda do poder adquisitivo dos salarios, para evitar que se xere unha polvoreira social e poñer en risco a recuperación económica.

Neste sentido, **UGT** e **CCOO** tentamos negociar o V Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva, e non desistiremos de alcanzalo, con fórmulas salariais que garantan o mantemento do poder de compra. Fórmulas de revisión que non difiren do que a propia patronal reclama para si mesma nos contratos de concesión administrativa. Por iso é fundamental incluír nos convenios colectivos as cláusulas de revisión salarial, que permitan protexer os soldos ante incrementos desmesurados dos prezos. Rexeitar estas cláusulas, como están facendo as asociacións empresariais, é unha forma moi oportunista de intentar facer caixa dun xeito irresponsable. Estamos atravesando un momento en que as fórmulas de revisión salarial son totalmente necesarias. Porque a desigualdade tamén frea o crecemento económico, non podemos consentir que se pretenda saír desta crise á custa de desvalorizar os salarios, de xerar máis pobreza laboral e maior desigualdade social.

O 1º de maio reivindicáremolo na rúa.

VIVA O 1º DE MAIO!

